

SEGUNDO PREMIO

“PRINCESIÑA” de María Xosé Taibo

Antón sempre mirara cunha ollada tenra á marquesiña. Desde nenos xogaban xuntos na carballeira cos carolos e coas abrótegas, facendo barcos dun horizonte incerto. Os risos da nenez foron ecoando nas gargalladas da mocidade.

Os barcos que un día foron verdes, foron de madeira máis tarde, traendo o traballo duro das noites de mar levado e a unión dos homes bravos da terra. Canso de loitar contra o mar e contra o tempo chegaba a porto cada mañá. Só o son das cantigas da Marquesiña lavando no río de Fonterrota chegaba aos seus oídos e ao seu corazón dándolle alento e descanso. O mozo rudo de mans salgadas levaba a patela chea de sardiña para a rapaza de pes nus.

Cada mañá o peixe fresco da ría chegaba á casiña de pedra do arrequeño; onde unha rapaciña de mans curtidas muxía con delicadeza unha vaca moura como a noite. O seu reino era sinxelo, pero cheo de luminosidade e alegría.

Antón chegaba asubiando e co sabor do mar nos beizos, arrimábase á cancela e berraba docemente: “Princesiña, ven ver o que mar trouxo de bo á terra”.

Sempre hai princesiñas agochadas en reinos luminosos e sinxelos.